

2018-2019

TODA A INFORMACIÓN  
NECESARIA DOS SERVICIOS  
E ACTIVIDADES  
EXTRAESCOLARES ANPA

2018/19



## **TODA A INFORMACIÓN NECESARIA DOS SERVIZOS E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2018-2019**

### **Este é un programa provisional que pode alterarse durante o inicio do curso por razóns organizativas**

#### **INFORMACIÓN XERAL:**

É condición para participar de cada un dos servizos e actividades, ser socio da ANPA, e por iso, de forma automática, co primeiro prazo da actividade cárgase a cota anual da ANPA de 15 euros por unidade familiar. Esta cota podería modificarse se así se acorda en asemblea.

O Regulamento das actividades axustarase á “Carta de dereitos e deberes da ANPA”, dispoñible na nosa web. A inscrición nunha actividade supón a aceptación desas normas.

Para inscribirse nun servizo ou actividade hai que cubrir o formulario de inscrición que está dispoñible tanto na nosa web: <http://www.anpalopezferreiro.org> (ollo copiar literalmente no navegador dado que cos buscadores tipo google non se accede a páxina directamente), en papel no comedor ou no expositor que a ANPA ten a tal efecto no vestíbulo da conserxería (entrada por c/ Xasmíns). Unha vez enchido remitir ao seguinte correo-e: “[anpa.lopez.ferreiro@gmail.com](mailto:anpa.lopez.ferreiro@gmail.com)”. Outras posibilidades son: ben deixalo no comedor ou ben na caixa de correo que ANPA ten no vestíbulo da conserxería.

**O prazo de finalización para inscribirse en calquera das actividades remata o último vernres de setembro de 2018.**

As listas definitivas serán publicadas como moi tarde no último fin de semana de setembro, e o primeiro día lectivo de Outubro darán comezo as actividades nas instalacións habilitadas ao efecto.

**As actividades rematarán co curso escolar para facilitar a conciliación familiar, (agás ALOHA que acordara cos pais a data de finalización da actividade).**

## **MEMORIA:**

A asociación de Nais e Pais de Alumnos/as López Ferreiro ten como un dos obxectivos prioritarios acadar a mellor conciliación posible da vida familiar e laboral dos pais e nais do alumnado. Neste senso ven xestionando de maneira continuada e desde hai xa moitos anos o servizo de comedor do CEIP López Ferreiro de Santiago de Compostela (desde os seus inicios como colexio de prácticas de maxisterio dependente da universidade de Compostela no ano 1976, e tamén posteriormente cando a Consellería de Educación asumiu a xestión do centro no ano 1985). O colexio posúe instalación de cociña e comedor e a nosa Asociación fai unha xestión integral das mesmas: dende as contratacións e seguridade social de monitores/as e de persoal de cociña; a elaboración de menús; a compra de produtos alimenticios (facendo especial fincapé nos produtos de orixe galega, de agricultura ecolóxica e de tempada); a compra de menaxe; a xestión, control e garda do alumnado que queda no noso cargo no horario estrito do comedor e no servizo de atención inmediatamente posterior ata as 17:00; o mantemento dos aparellos e equipamentos da cociña, limpeza das instalacións, prevención de riscos laborais e outras

Os menús son planificados polos responsables da cociña e revisados periodicamente por un membro da ANPA ( na actualidade o presidente da asociación de profesión enxeñeiro agrónomo ), tendo en conta as suxestións de monitoras e cociñeiras de longa experiencia neste eido, enquisas aos usuarios, así coma a revisión final por parte dunha especialista en endocrinoloxía e nutrición así como **asistencias periódicas a cursos como:** *“Elaboración de menús infantís. A nutrición e os nenos”, “Cociña para colectividades (Colexios, xeriátricos e hospitais)”*, *“Cociñar con verduras”, “Alerxias a alimentos. Dificultades na Escola.”*, etc., o cal permite manter unha dieta e pautas de nutrición axeitadas no alumnado. Trátase de ofertar uns menús variados, nutritivos, estacionais e completos, elaborados diariamente con produtos na súa meirande parte frescos e da tempada, tratando de que as receitas manteñan a nosa tradición culinaria ( peixes, caldo, coliflor, potaxes...). Así mesmo, e cada vez máis, en resposta as circunstancias dos nenos e nenas do comedor, prepáranse menús especiais axeitados a patoloxías diversas (celíacos, alerxias alimentarias, dietas específicas, nenos con algún tipo de dificultade).

O número de monitoras e colaboradores no comedor é, coma mínimo, o establecido polos regulamentos administrativos. Os nenos e nenas están en todo momento atendidos, sendo o obxectivo último que aprendan a desfrutar da comida e que medren en autonomía, tanto á hora de comer coma nos hábitos hixiénicos anteriores e posteriores a esta. Este persoal de asistencia ao alumnado está distribuído nos tramos de infantil e de primaria. Dependendo das actividades as que asistan, hai uns 120-130 usuarios diarios do servizo en educación primaria con 6 monitores e 70-80 nenos en educación infantil atendidos por uns 5 monitores o que fai un total de 11 monitores mais un dedicado a nenos con necesidades específicas ( datos previstos para setembro que poden aumentar). Os nenos están separados nas propias instalacións do comedor, sendo unha media de 200 comensais diarios. A hora da contratación dos monitores/as, tense en conta que calquera neno do colexio non anotado periodicamente pode asistir ao comedor avisando no mesmo día, segundo as necesidades de cada familia, sendo isto posible por contar con cociña propia.

Polo cal o pasado curso ao redor de 330 familias foron xa socios da ANPA para poder usar os servizos, aínda que só sexa nalgún momento puntual.

No inicio de cada mes as familias teñen acceso a copias dos menús que terán os seus fillos e fillas para que, desta maneira, poidan estar informados e que cada quen complementa na casa a nutrición dos rapaces da forma que coide máis axeitada. Así mesmo ditos menús están a disposición das familias no enderezo web: [www.anpalopezferreiro.org](http://www.anpalopezferreiro.org). En dito enderezo web pódese atopar toda información relevante sobre o funcionamento do servizo (menús, regulamento interno, impresos de inscrición e baixa no servizo, horarios). Pódese comprobar que o idioma de comunicación utilizado é o galego.

Dispoñemos dunha *app* para descargar os menús dispoñible gratuitamente tanto na Google Play Store, para Android, como na Apple App Store, para iPhone, que se chama *Xantar*.



**O servizo de comedor forma parte, intégrase e coordínase con outros servizos que presta a ANPA para acadar con recursos propios a mellor conciliación posible da vida familiar e laboral dos nosos socios:**

**Servizo de comedor:** O comedor funciona dende o primeiro ata o último día do curso escolar, segundo o calendario proporcionado polo colexio a principio de cada curso, desde o remate do horario lectivo ata que os rapaces son recollidos polo pai, nai ou titor/a (nun amplo horario que vai desde as 14:00, hora de remate da actividade lectiva dos nenos de infantil e de inicio do servizo específico de comedor, ata as 17:00 h.)

DE 2º A 6º DE PRIMARIA. As 14:30 as coidadoras esperan aos nenos que saen das clases cara o baño para ir asentando hábitos de hixiene antes de sentarse a mesa. Unha vez aseados son trasladados o comedor. A medida que os rapaces van rematando de comer teñen que pasar polo baño a cepillar os dentes. Logo desta rutina de hixiene dispoñen de diversos espazos para xogar tales como: mesas aparte no propio comedor para realizar pequenas manualidades, crebacabezas, montables, ou diversos xogos de mesa coma xadrez, parchís, cartas, etc. Dispoñen a se mesmo de espazos amplos para esparexerse, tales como o patio de columnas e unha aula de usos múltiples. Tamén usan as pistas deportivas (cruzando internamente por un túnel), cando o tempo o permita e sempre despois das 4:00.

INFANTIL E 1º PRIMARIA. Os monitores recollen os nenos directamente en cada aula e segundo o horario de cada unha, actualmente os de 3 anos saen as 14:00 e os de 4 e 5 anos as 14:15 e 1º de Primaria ás 14:30, e son acompañados ao baño para o aseo tanto antes como despois da comida. O patios de xogos usados son o patio acristalado e o parque de bambáns exterior.

Durante o xogo, os nenos están custodiados en todo momento polos coidadores/as.

Os nenos que teñen actividades dentro do colexio ou no pavillón “LORENZO DE LA TORRE” son recollidos no comedor ou patio polos monitores das actividades e trasladados ata o lugar correspondente para realizar a actividade e o monitor ou monitora que imparte a mesma faise cargo dos nenos/as, pasando a responsabilizarse dos mesmos. Deste xeito conseguimos que non se rompa a cadea de custodia en ningún momento ata que os nenos e nenas son recollidos pola persoa que lle corresponde.

As persoas autorizadas para recoller os nenos son os titores que firman a solicitude de inscrición e a quen estes autoricen verbalmente, informando aos coidadores coa maior antelación posible.

Se por algún motivo, por exemplo custodias, haxa algunha persoa ou familiar que non poden recoller ao neno, débese poñer por escrito e entregalo directamente ao persoal de comedor e antes da asistencia do neno ao servizo.

Se alguén necesita irse antes das 16:00 poden recoller o neno directamente no comedor, (a poder ser avisando con antelación). Nestes casos os nenos non pasarán polo baño a cepillarse os dentes.

Prezos do servizo de comedor:

PREZOS COMEDOR	5 DIAS	3 DIAS	2 DIAS	1 DIA
<b>1 FILLO</b>	100 €/MES	70 €/MES	51 €/MES	27 €/MES
<b>Descontos para familias que non reciban ningún tipo de axuda económica para afrontar o gasto de comedor:</b>				
<b>2 FILLOS</b>	<b>88 €/MES/NENO</b>	<b>62 €/MES/NENO</b>	<b>45 €/MES/NENO</b>	<b>24 €/MES/NENO</b>
<b>3 FILLOS</b>	<b>87 €/MES/NENO</b>	<b>61 €/MES/NENO</b>	<b>44,5 €/MES/NENO</b>	<b>43,5 €/MES/NENO</b>
<b>4 FILLOS</b>	<b>85 €/MES/NENO</b>	<b>60 €/MES/NENO</b>	<b>43,5 €/MES/NENO</b>	<b>23 €/MES/NENO</b>

**Programa de madrugadores:** No presente curso temos unha media de 80 nenos diarios (datos de setembro), aos que se suman os esporádicos, (entre 3 e 10, segundo os días). Os pais que necesiten de forma esporádica o servizo de madrugadores avisarán o día anterior como mínimo. So en caso de urxencia non é necesario avisar o día anterior.

O inicio de madrugadores é as 07:30 h., e o neno pode incorporarse a calquera hora. Servirase o almorzo de 08:00 a 09:00 h., (se por algún motivo puntual o neno ou nena ten que almorzar despois das 09:00 non hai problema, ningún neno irá sen almorzar por chegar despois das 09:00, pero compre evitalo polo ben do neno, xa que non lle dará tempo de almorzar tranquilamente e seguir o ritmo dos compañeiros e compañeiras). De 09:00 a 09:30 os rapaces e rapazas aséanse e prepáranse para as clases.

Se o neno xa almorzou na casa débese avisar ao coidador no momento de entrar.

No almorzo deben tomar e poden escoller:

1. Un lácteo: leite con cacao soluble ou só ou iogur.

2. Hidratos de carbono: galletas, cereais, biscoito caseiro, torradas de pan que se varían con marmeladas, aceite, mel, manteiga con azucre, crema de chocolate e froitos secos.
3. Froita: mazá, pera, plátano, melón, sandía, fresas dependendo da tempada.

A medida que rematan o almorzo deben cumprir ca rutina de fregar os dentes e asearse antes de entrar nas aulas.

Antes e despois de almorzar os nenos e nenas xogan, pintan no propio comedor.

Dende as 8:30, un monitor baixa ao patio acristalado onde os nenos de primaria que o desexen poden xogar, correr, saltar ou patio de columnas cando o tempo é moi bo. Momentos antes da apertura das cancelas da escola por parte da conserxe, os rapaces que baixaron os patios volven ao comedor.

Os nenos non baixan ao patio a formar filas, quedan no corredor coas coidadoras ata que a fila que lle corresponda chegue, momento que son incorporados a fila correspondente segundo o seu curso, mantendo de este xeito a cadea de custodia.

Prezos:

MADRUGADORES	5 DIAS	3 DIAS	2 DIAS	1 DIA
1 FILLO	35 €/MES	26,5 €/MES	17,5 €/MES	9 €/MES
2 FILLOS	62,5 €/MES	47 €/MES	31 €/MES	16 €/MES
3 FILLOS	91,5 €/MES	69,5 €/MES	46 €/MES	23,5 €/MES
4 FILLOS	119 €/MES	90,5 €/MES	60 €/MES	31 €/MES

Pódese adquirir un bono de 5 almorzos ao prezo de 12 euros. Os almorzos soltos teñen un prezo de 3 euros.

**Nota: o prezo de madrugadores é o mesmo para todos os nenos, sen ter en conta a hora de entrada nin se almorzan ou non.**

**Merenda saudable:** Sempre consta de froita e logo un pequeno bocadillo (queixo, chourizo, crema de chocolate con froitos secos), queixiños acompañados de galletas ou anacos de pan.

Se o/a usuario/a vai a madrugadores entón méteselle a merenda na mochila, de non ser o caso, entón o responsable do/a neno/a pasará a recoller a merenda ao propio comedor antes das 09:30. De darse o caso de que o/a rapaz/a non ven a madrugadores pero está apuntado o programa de “merenda saudable” os 5 días da semana, entón o propio persoal do comedor encargase de achegarlle a merenda ao rapaz ou a rapaza na fila.

O prezo da merenda saudable é para todo o mes de 15 euros e as merendas soltas terán un custo de 1 euro.

**Programa de muda:** Servizo que se puxo en marcha o curso 2013/14 para nenos e nenas de educación infantil, especialmente para os de 3 anos. Ese curso contou con 57 usuarios. A cota mantense en 15 euros anuais familia. Revelase como de grande axuda as familias en que ámbolos dous pais traballan fora da casa e supónlles un gran trastorno vir dende o traballo a mudar o/a fillo/a. A muda debe vir en bolsa co nome do/a neno/a. Traer unha muda completa e calzado se o consideran necesario. Aínda que o/a neno/a non utilice o servizo de madrugadores ou comedor, a **muda** debe ser entregada **no comedor e non na aula**.

### **Servizo de ludoteca:**

Este servizo ampliaría o horario de comedor de 17 a 18.30 horas.

Este servizo ten un custo de 35 euros mensual por neno e requirese un mínimo de oito usuarios para facelo viable polo que decidirse ao inicio do curso se se pode iniciar. O custo en días soltos é de 4 euros

Os nenos farían actividades no comedor do colexio e se recollerían pola rúa xasmíns a calquera hora antes das 18.30.

### **Programa de convivencia:**

Durante o curso 2017/2018 iniciouse un programa de convivencia para favorecer o respecto dos nenos polos demais e prevenir actitudes de acoso. Este programa vai ser implantado polas coidadoras logo dun período de formación. O acceso as actividades derivadas deste programa son gratuitas.

### **Información xeral respecto dos programas de madrugadores, merenda, comedor e muda:**

Os devanditos servizos teñen o seu inicio *para os nenos e as nenas de 3 anos* cando estes comezan as clases toda a mañá, coincidindo co fin do período de adaptación.

Todos os de infantil deben de traer un mandilón e cepillo de dentes.

Calquera recado que haxa para o profesorado deixase os/as coidadores/as por escrito, nomeando a quen vai dirixido e de que neno ou nena é, o igual que as bolsas de material, aniversarios, actividades extraescolares todo co nome do/a neno/a e curso.

Calquera alerxia ou intolerancia alimentaria debe ser anotada na folla de inscrición, achegando unha copia do informe médico. Adaptarase o menú a cada caso particular.

### **Actividades extra-escolares que ofrece a asociación, quen e onde se imparten.**

Para o curso 2017/2018 a asociación pasa a ofrecer as actividades que viña prestando o clube deportivo LOPEZ FERREIRO para poder ofrecer un conxunto de actividades dunha forma mais coordinada.



Para poder acceder a calquera actividade extraescolar hai que facerse socio da ANPA.

No curso 2018/2019 a ANPA ofrece varias actividades para o desenvolvemento das cales contamos coa colaboración das seguintes empresas:

## BAILE GALEGO

Ademais de abordar os principais ritmos do baile tradicional, con os seus puntos, picados, voltas e paseios, busca fomentar o gusto polo baile e pola música do noso país. Transmitir o divertido que é ir de foliadas e todos os valores sociais que están inmersos nese contexto (a pertenza á comunidade, a cooperación, o reforzo da identidade e da autoestima individual e colectiva, etc).

A aprendizaxe das principais estruturas do baile: filas, rodas e tablóns, e tamén a recoñecer e diferenciar os ritmos segundo os seus toques, os seus compases e as súas divisións melódicas.

A actividade será impartida un día á semana por Claudia Fidalgo con longa experiencia nesta actividade. Según a demanda pode durar unha hora ou hora e media se inclúe pandeireta. A actividade se celebrará os mércores de 16:30 a 17:30. O prezo da actividade é de 17 euros.

657 542 819 // [claudia\\_pfidalgo@hotmail.com](mailto:claudia_pfidalgo@hotmail.com)

## ESPORTI

Tratase dunha actividade de iniciación ao deporte cunha metodoloxía participativa, non violenta, non competitiva e inclusiva. Esta indicado para o inicio o deporte de todas as idades favorecendo a non especialización deportiva desde idades moi temperás. Consiste en practicar diversas modalidades deportivas adaptadas á idade que favorezan a práctica do exercizo físico e a aprendizaxe da convivencia.

A actividade é impartida por Jose Alberto Escudero [esporti@gmail.com](mailto:esporti@gmail.com) Como é unha actividade nova ofertouse só unha hora de 5 a 6 os luns e mércores aínda que no curso 2018/2019 se intentará conformar dous grupos desde 16.30 a 17.30 e de 17.30 a 18.30.

O prezo da actividade e de 140 euros ao ano.

## BALLET

Profesora de Ballet BEATRIZ VIÑAL ( teléfono 678-893264) [beatriz.vinal@gmail.com](mailto:beatriz.vinal@gmail.com)

Ballet: 1 día á semana. O lugar e horario onde se impartirán as clases dependerá do grupo de idade (ver cadro de oferta de actividades extraescolares 2017/18). Cota 15 euros/mes. Cobro cuadrimestral a finais de outubro e xaneiro.

## USC Universidade de Santiago-NATACIÓN

A actividade é de 1 día á semana na piscina universitaria do Campus Sur. Destinada a nenos de mínimo 6 anos cumpridos no inicio do curso (Normativa da Piscina) e deben ser, ademais, autónomos para cambiarse e non entorpecer aos demais usuarios. O coordinador da actividade é Anxo Rial teléfono 600 942 439.





O custo da actividade é de 45 euros por cuadrimestre mais o custo do carné de usuario.

**Ademais do formulario de inscrición da ANPA é necesario cubrir o s datos NA WEB DA UNIVERSIDADE SEGUNDO A INSTRUCCIONS QUE SE DARÁN (IMPORTANTE CUBRIR OS DOUS)** e que se achegará as familias en setembro, no sitio web [www.anpalopezferreiro.org](http://www.anpalopezferreiro.org) atoparán información máis ampla sobre esta actividade. Para o curso 2018/19 a cota será de euros/mes máis 4 euros polo “cartón deportivo”, con cobro cuadrimestral a finais de outubro e xaneiro. É de esperar que para este curso 2018/19 non varíen os custos da actividade. Terémolos informados.

INGLÉS-KITH ENGLISH & ACTIVITIES. Tfnos: 986484205–986480929–609544848

Clases de Inglés a impartir dúas veces a semana, abranguendo  $\frac{3}{4}$  de hora cada clase (o que fai un total de 6 horas o mes). O lugar e horario onde se impartirán as clases dependerá do grupo de idade (ver cadro de oferta de actividades extraescolares 2015/16. Remiten toda a información e formulario de inscrición por e-mail. Para o curso 2017/2018 a cota será de 28 euros/mes. Neste custo vai incluído o aluguer da aula que a empresa ten que abonar a escola (10% da cota mensual).

**Nota:** A relación contractual deste servizo é directamente entre o usuario e KITH ENGLISH & ACTIVITIES. Polo tanto o cobro desta actividade realizase directamente pola empresa prestataria do servizo. Non obstante a ANPA xestiona espazos e horarios, coordinándoos cos horarios e espazos de outras actividades. Tamén vela porque a relación calidade/prezo desta actividade sexa a mellor posible. O que fai que esté xustificado que quen opte a esta actividade extraescolar teña que facerse socio da ANPA como si se tratase de actividades onde é directamente a dirección da ANPA quen paga a empresa que presta o servizo.

ALOHA MENTAL ARITHMETIC SPAIN coordinadora Alba telefono 674620072  
[info.coruna@alohaspain.com](mailto:info.coruna@alohaspain.com)

Cálculo Mental e uso do ábaco. Actividade a impartir unha vez á semana (luns de 16:00 a 18:00). Como novidade temos, que se neste vindeiro curso 2018/19 se dese un incremento de usuarios, entón formaríase un grupo a maiores o xoves. Envían información por correo electrónico. A inscrición nesta actividade faise na súa web: <http://www.alohaspain.com>. Para o curso 2018/2019 a cota será de 39,90 euros para os novos alumnos e 51 euros para continuación (xa coa porcentaxe sobre a cota mensual que Aloha abona a escola en concepto de aluguer das aulas).

Para o curso 2018/2019 valorarase a posibilidade de impartir KITSUNE que é un programa de estimulación temperá para alumnos de Educación Infantil que mellora habilidades cerebrais, emocionais e motrices.

**Nota:** A relación contractual deste servizo é directamente entre o usuario e ALOHA MENTAL ARITHMETIC SPAIN. Polo tanto o cobro desta actividade realizase directamente pola empresa prestataria do servizo. Non obstante, a ANPA xestiona espazos e horarios, coordinándoos cos horarios e espazos de outras actividades. Tamén vela porque a relación calidade/prezo desta actividade sexa a mellor posible. O que fai que esté xustificado que quen opte a esta actividade extraescolar teña que facerse socio da ANPA como si se tratase de actividades onde é directamente a dirección da ANPA quen paga a empresa que presta o servizo.



OS DÍAS 1 E 8 DE OUTUBRO SERÁ POSIBLE FACER UNHA CLASE DE PROBA PARA A CAL SERÁ NECESARIO COMUNICALO POR CORREO ELECTRÓNICO A [info.coruna@alohaspaim.com](mailto:info.coruna@alohaspaim.com) DURANTE A PRÓXIMA SEMANA.

#### PATINAXE ARTISTICO

Actividade impartida por monitoras do clube diverpatin. Haberá dous grupos con dúas horas á semana de actividade. Pódese elixir dous días dos tres ofertados en cada grupo. Os sabados hai unha hora de actividade que é optativa de 13-14 horas no pavillon de vite. Nesta actividade aprenderase á técnica de patinaxe individual e ensaiaranse coreografías para bailes en grupo.

Responsable da actividade Juanjo teléfono 600-21-68-36.

O custo da actividade é de 140 euros ao ano.

#### HOCKEY Á PATINS

Actividade impartida por monitores do clube diverpatin. Responsable da actividade Juanjo teléfono 600 216 836.

O custo da actividade é de 140 euros ao ano

Pódese ir calquera día e horario nos que se imparte a actividade incluso todos.

#### BALONCESTO

Actividade impartida por FUNDACIÓN FEDESA. Responsable da actividade Kiko Mosteiro. Correo electrónico [fundacion\\_fedesa@yahoo.com](mailto:fundacion_fedesa@yahoo.com) Teléfono 603744935.

**Este ano decidiuse non ofertar a actividade a nenos de infantil polo que a actividade queda reservada para nenos desde 1º de primaria ata 4º e outro grupo de 5º-6º**

O custo da actividade é de 140 euros ano

#### FUTBOL SALA

Esta actividade está impartida por monitor co título de entrenador da federación de Futbol y está orientada a iniciación no futbol sala. En función da demanda poderían organizarse quendas por idades dado que temos un horario mais amplo do ofertado dispoñible. O coordinador da actividade é Juanjo da empresa DIVERPATIN teléfono 600216836.

O custo da actividade é de 140 euros ano.

Esta actividade comparte espazo con ESPORTI e en función da demanda e das idades de organizarán os grupos pero en principio reservaríase a hora de 16.30 a 17.30 para infantil e a de 17.30 a 18.30 en primaria. Os nenos que asistan ao comedor e que vaian a ir a esporti poderán agardar no colexio ata o inicio da actividade coas coidadoras.

#### JUDO:

Actividade impartida por Javier Rial teléfono 615093734. Hai dous grupos un para nenos ata 3º de primaria e outro para nenos de 4º a 6º de primaria.



**ANPA López Ferreiro**  
[www.anpalopezferreiro.org](http://www.anpalopezferreiro.org)

O custo da actividade será de 140 euros/ano. o cobro desta actividade realizase directamente pola empresa prestataria do servizo

#### XADREZ

Actividade impartida por Fernando Sanchez, email [popando@gmail.com](mailto:popando@gmail.com), teléfono 669505012.

As clases se estruturan en dous niveis aínda que dependendo do número de usuarios poderían suprimirse algunhas clases e xuntar nun so horario algunha delas. O prezo da actividade será de 90 euros/ ano por unha hora de clase e 180 euros/ano por dúas horas de clase.

O cobro desta actividade realizase directamente pola empresa prestataria do servizo.

No buzón da ANPA pódense deixar, por parte dos socios, suxestións sobre novas actividades a ofertar e no caso de que se detectara unha demanda dalgunha actividade específica que se puidese organizar veríase a forma de facelo.

**TÁBOA OFERTA ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2018 – 2019**

Actividade	Grupo	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>Ballet</b> BEATRIZ VIÑAL	1º, 2º e 3º	16:00-17:00 17:00 - 18:30 Patio cristal				
	4 e 5 anos		17:00 - 18:30 Ximnasio			
	4º, 5º e 6º			17:00 - 18:30 Patio cristal		
<b>Baile Galego</b>				16:30 - 17:30 Ximnasio		
<b>Natación</b> USC ( 1 día semana)	1	17:15 - 18:00 Piscina USC	17:15 a 18:00 Piscina USC		17:15 a 18:00 Piscina USC	
<b>Inglés</b> KITH ENGLISH	A	16:00 - 16:45 Aula colexio		16:00 - 16:45 Aula colexio		
	B		16:00 - 16:45 Aula colexio		16:00 - 16:45 Aula colexio	
	C	16:50 - 17:35 Aula colexio		16:50 - 17:35 Aula colexio		
	D		16:50 - 17:35 Aula colexio		16:50 - 17:35 Aula colexio	
<b>Cálculo</b> <b>mental</b> ALOHA- KITSUNE	ALOHA	16:00 - 18:00 Aula INGLES			16:00 - 18:00 Aula INGLES( 1)	
	KITSUNE		16:00 - 17:00 Aula INGLÉS			
<b>Patinaxe</b> <b>artístico</b>	Grupo 1 (elegir 2 días) +sábado optativo	18:00-19:00 Pavillón Vite colexio (audit)		18:00-19:00 Pavillón Vite colexio (audit)		17:00-18:00 Pavillón Xelmirez 1
	Grupo 1 (elegir 2 días) +sábado optativo( Pav. cole.vite 13-14)	18:00-19:00 Pavillón Vite colexio (audit)		18:00-19:00 Pavillón Vite colexio (audit)		18:00-19:00 Pavillón Xelmirez 1



	<b>Grupo 2 (elegir 2 días) +sábado optativo( Pav. cole.vite 13-14)</b>		<b>18:00-19:00</b> Pavillón Vite colexio (audit)		<b>18:00-19:00</b> Pavillón Vite colexio (audit)	<b>18:00-19:00</b> Pavillón Xelmirez 1
<b>Hockey sobre patíns</b>		<b>16:15-17:15</b> Pavillón Vite colexio (audit)		<b>16:15-17:15</b> Pavillón Vite colexio (audit)	<b>16:00-17:00</b> Xelmirez 1	<b>16:00-17:00</b> Xelmirez 1
<b>Baloncesto</b>	<b>Grupo 1º-2º-3º-4º primaria</b>		<b>16:15-17:15</b> pavillón Lorenzo de la torre		<b>16:15-17:15</b> pavillón Lorenzo de la torre	
	<b>Grupo 5º-6º primaria</b>		<b>17:15-18:30</b> pavillón Lorenzo de la torre		<b>17:15-18:30</b> pavillón Lorenzo de la torre	
<b>Xadréz</b>	<b>Dous grupos</b>		<b>16:00-17:00</b>		<b>16:00-17:00</b>	
<b>Futbol sala</b>	<b>Grupo A partir 2º de primaria</b>	<b>17:30-18:30</b> Pavillón Lorenzo de la Torre		<b>17:30-18:30</b> Pavillón Lorenzo de la torre		
<b>Judo</b>	<b>Grupo infantil-ata 3º primaria</b>		<b>17:00-18:00</b> Pavillón acristalado		<b>17:00-18:00</b> Pavillón acristalado	
	<b>Grupo 4º-6º primaria</b>		<b>18:00-19:00</b> Pavillón acristalado		<b>18:00-19:00</b> Pavillón acristalado	
<b>Esporti</b>	<b>Grupo 1 infantil</b>	<b>16:15-17:05</b> Pavillón Lorenzo de la Torre		<b>16:15-17:05</b> Pavillón Lorenzo de la Torre		
	<b>Grupo 2 primaria</b>	<b>17:10-18:00</b> Pavillón Lorenzo de la Torre		<b>17:10-18:00</b> Pavillón Lorenzo de la Torre		

Dicir que, tanto as actividades e servizos coma os seus prezos poden sufrir modificacións co comezo de cada curso dado que esta programación pode sufrir variacións en función do número de inscristos ou outros aspectos organizativos dos que se informará aos socios.



## SEMANA DE PROBA:

Na derradeira semana de setembro os responsables das actividades poderán convocar algunha clase de proba sen custo para dar a coñecer as actividades aos pais e poder decidir cal elixir. Os días das actividades serán publicitadas nos taboleiros do colexio e/ou na web da anpa.

13

## NOVO USO DOS TELEFONOS DA ANPA

Co motivo de facer un uso máis racional dos teléfonos da ANPA informámosvos dos seguintes cambios no emprego dos teléfonos:

**TELEFONO DE RESPONSABLE DE COCIÑA:** horario preferente 9.30-13.30 E 16-17 horas 691 899 742

- Para comunicar á cociñeira as indisposicións dos nenos debido a enfermidades, dietas, alerxias, etc
- Para comunicar a asistencia dun neno ao comedor por razóns non previstas e non avisado o día anterior.
- Para informar de calquera incidencia ou temas relacionado coas coidadoras.
- Teléfono para suxestións de melloras no comedor.

**TELEFONO DA ANPA COIDADORAS:** horario 15.30-17.15 INFANTIL( Silvia) 649 294 475

**PRIMARIA (Andrea) 630 080390**

- Para avisar dos cambios na recollidas dos nenos debido a retrasos ou que non ven a recollelo a persoa habitual.
- Telefono de atención a temas de CONVIVENCIA para poñer en coñecemento da anpa que houbo algunha cuestión neste tema que será informado ao responsable de convivencia da ANPA para que adote as medidas oportunas.
- Teléfono de comunicación de asuntos a ANPA cando debido a razóns de urxencia non se poidan empregar o correo electrónico.



- Teléfono para comunicar incidencias en actividades extraescolares por parte das empresas como falta do profesor, ou outras incidencias.

**Nota final:**

Unha ANPA é unha asociación. As asociacións son agrupacións de persoas constituídas para realizar actividades colectivas de forma estable, organizadas democraticamente, sen ánimo de lucro.

O dereito de asociación recoñecido no artigo 22 da Constitución está regulado na Lei Orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, de aplicación a todas as asociacións sen fins lucrativos, que non estean sometidas a outra normativa específica.

**Polo tanto os socios teñen os dereitos e as obrigas que marcan tanto as leis coma as que, de forma máis específica, marquen os estatutos da asociación da que se trate.**

Reciban un agarimoso saúdo.

Santiago, a 19 de setembro de 2018.

Ramón Jesús Lamelo Otero.  
Presidente da ANPA López Ferreiro.